



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LAROUCO PARA A POSTA EN VALOR DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DO CASTRILLÓN (LAROUCO – OURENSE).
CAMPAÑA 2021.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura e Turismo,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e o Concello de Larouco a realización dos traballos de posta en valor do xacemento arqueolóxico do Castrillón (Larouco, Ouremse), na campaña de 2021.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:



No ano 2020 realizouse unha limpeza deste xacemento arqueolóxico co fin de mellorar a caracterización e delimitación dos seus elementos principais, fundamentalmente o seu sistema defensivo, de cara a súa revalorización patrimonial como recurso turístico e tamén de cara ao seu mellor rexistro e documentación. Tamén se realizaron 2 sondaxes valorativas naquelas zonas do xacemento con maior potencialidade arqueolóxica e cuxo resultado máis destacable foi a exhumación dunha cabana rupestre de forma rectangular. Na actuación, ademais, localizouse un conxunto de petróglifos tipo “coviña”. Tendo en conta os valores históricos, patrimoniais e medioambientais que aglutina o xacemento arqueolóxico do Castrillón anteriormente referidos, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Larouco consideran de interese continuar cos traballos de recuperación patrimonial do referido xacemento coa finalidade de favorecer a súa investigación, conservación e posta en valor.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

